



PDI CONSTRUÍMOS

CEIP QUINTELA (Moaña)

Curso 2014-2015

1. Introducción	3
1.1 Xustificación.....	3
1.2 Calendario de realización	3
1.3.Alumnado e profesorado participante	3
1.4.Contidos curriculares	4
1.5.Competencias	5
1. Obxecto ou temática propostos	6
2. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta	6
3. Documentación elaborada para profesorado e alumnado	7
4. Relación de tarefas	7
5. Recursos utilizados e fontes consultadas.....	11
6. Implicación da comunidade educativa	11
7. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.....	13
8. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e competencias	14
9. Función e participación da biblioteca escolar.	14

1. Introducción

O CEIP Quintela de Moaña é un centro de 9 unidades, 3 de Ed. Infantil e 6 de Primaria, que conta con 172 alumnos e alumnas. Integrado no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, conta cun equipo de biblioteca estable no que están representados os diferentes niveis educativos, o equipo directivo o equipo TIC e o EDLG, cos que se coordinan propostas, actuacións e dinámicas relacionadas coa mellora das competencias clave. A mellora da competencia lingüística en lingua galega sobre todo a nivel oral é un dos obxectivos prioritarios de ambos dous equipos, dada a situación sociolingüística do noso alumnado.

A biblioteca escolar adoptou un papel fundamental na práctica educativa como centro de recursos e documentación pero tamén como dinamizadora do traballo por competencias e da educación informacional e dixital.

1.1. Xustificación

“Construímos” foi o Proxecto Interdisciplinar proposto pola BE do CEIP Quintela de Moaña para o curso 2014-2015. Foi planificado como un achegamento do alumnado á arte da arquitectura e como continuidade ao Proxecto “[Mira, mira: a pintura](#)” desenvolvido no curso 2013-2014.

Parecíanos importante abordar este proxecto por múltiples motivos, un deles relacionado coa pouca presenza que teñen os contidos relacionados coa arte pero tamén como xeito de afondar nos relacionados coa historia e como xeito ademais de garantir o achegamento a contidos culturais presentes no contorno que a miúdos son obviados como obxecto de estudo e investigación.

O proxecto era unha oportunidade para integrar estes coñecementos e unha motivación perfecta para seguir desenvolvendo competencias relacionadas coa busca documental e o tratamento da información.

1.2. Calendario de realización

O Proxecto desenvolveuse ao longo do primeiro e segundo trimestre do curso 2014-2015 a través de varias propostas e pequenos proxectos de aula.

1.3. Alumnado e profesorado participante

Participou todo o alumnado do centro (172 nenos e nenas de 4º de Ed. Infantil a 6º de Ed. Primaria), as 9 titoras, as mestras de apoio a Ed. Infantil e 1º ciclo de Primaria e a mestra de apoio en TICS (intervén xunto coas titoras de Primaria na sesión semanal TIC dedicada a mellora da competencia dixital e informativa).

1.4. Contidos curriculares

Ed. Infantil	
Auton.Per.	Participación proxectos de aula
Coñec Cont.	As casas. Os castelos.
Com.Repre.	Producción textos informativos e literarios

1º e 2º Curso de Ed. Primaria	
CC.NN.	♣ B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. ♣ B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. ♣ B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos como murais e paneis.
CC.SS.	B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.
Linguas Castelá/galega	Producción de textos informativos Lectura de diferentes textos para a busca de información
Matemáticas	Medición de espazos (Cuarto, aula...) con instrumentos e estratexias non convencionais.
Ed. Plástica	Representación gráfica de casas e castelos

3º e 4º Curso de Ed. Primaria	
CC.NN.	B1.1. Realización de proxectos e presentación de resultados. B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. B1.3. Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos
CC.SS.	B1.3. Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións.
Linguas Castelá/galega	Producción de textos informativos Lectura de diferentes textos para a busca de información
Matemáticas	B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B4.10. Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.
Ed. Plástica	Reproducción de casa, faros e hórreos

5º e 6º Curso de Ed. Primaria

CC.NN.	B1.1. Realización de proxectos e presentación de resultados. B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. B1.3. Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos
CC.SS.	B1.3. Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións.
Linguas Castelá/galega	B2.13. Uso guiado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información. B3.1. Producción de textos expositivos para comunicar coñecementos en murais
Matemáticas	B3.2. Realización de medicións. B3.3. Estimación de lonxitudes e superficies de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida. B4.4..A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.
Ed. Plástica	Reproducción de maquetas

1.5. Competencias

Comunicación lingüística (CCL)

Lectura comprensiva de textos informativos

Selección de información en textos de diferentes soportes.

Producción de textos informativos integrados en murais para transmitir informacións claras e ilustrativas das imaxes seleccionadas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desenvolvemento de medicións dos espazos máis coñecidos (Aula, biblioteca, escola cuarto...) empregando elementos corporais nos primeiros niveis e con unidades de medida estandarizadas a partir de 2º curso. Cálculo de estimacións.

Aplicacións de regras de cálculo para a estimación de medidas .

Interpretación de planos e mapas

Competencia dixital (CD).

Busca , selección e arquivo de imaxes para elaborar documentos informativos.

Busca e selección de información para a elaboración de textos informativos.

Consulta de índices e sumario na bibliografía seleccionada.

Consulta no Meiga de bibliografía existente na biblioteca.

Localización en web de mapas de lugares e axentes xeográficos.

Aprender a aprender (CAA).

Emprego de cadernos de notas para o rexistro de páxinas web e datos de interese. Sinalización de páxinas con información de interese na bibliografía atopada. Rexistro da bibliografía seleccionada. Elaboración de listados de tarefas

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Distribución de tarefas dentro do grupo de traballo para desenvolver as propostas.

Respecto ao traballo e aportación dos integrantes do grupo.

Reflexión e avaliación do funcionamento dos grupos de traballo.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Elaboración de propostas para a resolución das tarefas.

Organización temporal, material e espacial das tarefas.

Desenvolvemento de tarefas asignadas e avaliación da efectividade organizativa.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Desenvolver actitudes de respecto e coidado cara os bens patrimoniais.

Valoración e coñecemento dos bens patrimoniais do contorno.

2. Obxecto ou temática propostos

A temática proposta no equipo de biblioteca no que se integran representantes de todos os equipos docentes (Infantil, 1º e 2º cursos, 3º e 4º cursos, 5º e 6º cursos), ademais da mestra apoio en TICS, coordinadora de Actividades Extraescolares e da Xefa de Estudos e representante do equipo de DLG, foi a Arquitectura, co proxecto titulado “Construímos”.

Acordada a dinámica pedagóxica a seguir os diferentes grupos desenvolveron pequenos proxectos de aula sobre os seguintes temas:

En Ed. Infantil e 1º e 2º cursos:

 As casas e os castelos.

En 3º e 4º cursos:

 Os hórreos.

 Os faros.

 Os castelos.

En 5º e 6º cursos:

 As pontes de Europa.

 As pontes do mundo.

 Obras arquitectónicas do mundo.

3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

Os proxectos interdisciplinares no noso centro coordínanse desde a biblioteca e nas diferentes reunións do o equipo vanse deseñando as actuacións e propostas.

Nestas reunión desde as titorías, despois de revisar o currículo fanse as achegas para acordar a través de que iniciativas se pode desenvolver o proxecto en cada curso. Acórdase sobre que contidos cada curso vai desenvolver as súas investigacións e así elabóranse as propostas.

As propostas chegan ao alumnado a través de cartas da mascota que se achegan as aulas nos momentos acordados cos/cas titoras (momentos que garantan unha cerimonia necesaria para a motivación do alumnado). Deste xeito todo o alumnado da escola relaciona as cartas da mascota coa necesidade de saber da mascota e procesos de investigación para el.)

A partir deste momento cada curso segue as peticións de investigación da mascota e comeza a desenvolver o seu proxecto. Na proposta que recibe o alumnado hai tamén instrucións sobre que tipo de documento deben elaborar, en que formato debe quedar e de que xeito se vai compartir co resto do alumnado do centro.

Proxecto “Construímos, proceso:

- 1- Deseño de actuacións no equipo de BE.
- 2- Revisión de currículo nas titorías.
- 3- Elaboración de propostas e redacción das cartas da mascota.

Proxecto “Construímos, propostas:

- 1- Preavaliación, ideas previas (outubro 2014)
- 2- Posta en común das ideas previas
- 3- Proposta I: As construcións do noso contorno (Casas, hórreos, pontes, faros) (1º trimestre)
- 4- Exposición de resultado das investigacións
- 5- Exposición de maquetas de construcións co contorno. Colaboración das familias.
- 6- Proposta II: As construcións na historia (os castelos)(2º trimestre)
- 7- Exposición de resultados das investigacións. Colaboración das familias nas investigacións.

4. Documentación elaborada para profesorado e alumnado

Xunto coas proposta que o alumnado recibía a través das cartas da mascota, o profesorado recibía tamén as súas cartas coas súas instrucións e material de apoio.

Instrucións para a busca na rede e emprego de imaxes con licencia de uso.

[Bibliografía da nosa biblioteca.](#)

[Webgrafía orientativa.](#)

5. Relación de tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado

Primeira fase: ideas previas

No primeiro trimestre, a mascota enviou unha carta a cada curso na que lle pedía ao alumnado que [reflexionase](#) en voz alta sobre a información que posuían sobre os seguintes aspectos:



- Que significaba “Arquitectura”
- Conceptos relacionados
- Obras de arte
- Artistas recoñecidos/as
- Etc...

[Unha vez que se reuniron](#) todas estas as informacións dos diferentes cursos, expuxéronse nun mural común e foi moi curioso ver como a madurez do alumnado facilitaba o volume de coñecementos previos sobre o tema, servindo tamén para detectar a necesidade real de desenvolver investigacións que aportasen información sobre obras de arte arquitectónicas e as súas autorías. En xeral o alumnado non coñecía o nome de ningún arquitecto ou arquitecta de renome e o coñecemento de pezas arquitectónicas singulares era escaso.

Construímos 1: Primeiro trimestre

Cada curso recibiu a súa [proposta de investigación](#), centrada en aspectos do seu Currículo:

- En Infantil, 1º curso e 2º de Primaria : buscaron información sobre un tipo de construción: AS CASAS. Pedíáselles que investigasen o que máis lles preocupase ou motivase, ou aquilo sobre o que necesitedes saber máis: as casas do mundo, a forma das casas, como se constrúen. Deste xeito abríamos a porta a pequenas investigacións de aula.

Isto foi o que ocorreu, en cada aula investigouse sobre un aspecto:



Paco



- 4º de infantil: as partes da casa, o mobiliario, o vocabulario e os seus usos
 - 5º de infantil : Tipos de casas
 - 6º de infantil: Casas do mundo
 - 1º de Primaria: Casas do mundo
 - 2º de Primaria: [Casas Curiosas](#) e materiais curiosos de construción.
- En 3º de Primaria investigaron sobre [OS HÓRREOS](#) e de igual xeito buscábase que adaptasen o tema as súas inquiredanzas, producindo un documento final onde se recollesen as investigacións para compartilas co resto do alumnado elaboraron un documento que igual que os demais expuxeron para dar a coñecer a todo o centro o resultado das súas investigacións sobre os tipos de hórreos, a súa funcionalidade, historia e a localización das pezas arquitectónicas máis recoñecidas deste tipo. Cómpre sinalar que esta información foi moi importante para unha boa parte do alumnado sobre todo de Ed. Infantil, que descoñecía totalmente este tipo de construción, nin o nome nin o uso.
 - En 4º de Primaria a proposta centrouse nos FAROS e os datos curiosos relativos a estas construcións. A proposta explicaba que formato debería ter o documento no que se recollese esta información. Buscaron datos referidos aos máis altos, os máis modernos, os máis antigos e tamén imaxes cos que compuxeron textos informativos de cada faro.
 - En 5º e 6º de Primaria centraron as [súas investigacións](#) sobre [AS PONTES](#), curiosidades sobre este tipo de construcións , localizacións no mundo, en Galicia e en España, integrando as [distintas áreas](#) do currículo. Deste xeito puideron traballar de xeito significativo sobre conceptos xeográficos, o coñecemento e interpretación de mapas de diferentes tipos, as escalas, a orientación etc..

Os traballos documentais producidos foron expostos nos corredores do centro constituíndo unha [exposición](#) que servía de fonte de informacións sobre os distintos temas traballados. A exposición foi visitada por cada titoría, compartindo así o saber recollido e aprendendo todos de todos.

As familias colaboraron tamén no proxecto, xa que se lles pediu que elaborasen de xeito voluntario maquetas sobre os distintos tipos de



construcións do mundo: Casas, hórreos, pontes, castelos, torres, etc e a súa resposta foi coma sempre espectacular e xenerosa. A [exposición de maquetas](#) enriqueceu e completou o traballo das aulas, nunha colaboración que nos gusta manter e que valoramos moi positivamente.

En relación a esta proposta o alumnado de infantil visitou os restos arqueolóxicos de Chan da Arquíña, un monumento megalítico do noso contorno.



Construímos 2: Segundo trimestre

No segundo trimestre desenvolveuse a segunda proposta do proxecto, neste caso dirixida aos cursos de Infantil 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria. Neste caso quixemos abordar pezas arquitectónicas doutras épocas, incluíndo deste xeito conceptos históricos, a vida noutras épocas, outras formas de organizacións social etc..

Neste caso pedíuselle a este alumnado que investigase sobre

OS CASTELOS:

“Podedes investigar o que máis vos preocupe, ou aquilo sobre o que necesitedes saber máis: quen vivía neles, como eran por dentro, castelos de Galicia....”.



Os documentos elaborados con estas informacións volveron a expoñerse nos corredores, compartindo así o saber e amosando diferentes xeitos de achegar información: debuxos, fotos, esquemas, textos etc. Cada curso aportou a súa parte de saber:

- Algúns personaxes que habitaban os castelos e os costumes da vida diaria en 4º de Infantil.
- As partes do castelo en 5º de Infantil e os habitantes dos castelos.
- A torre de homenaxe, as armas e os personaxes dos castelos en 6º de Infantil e 1º de primaria.
- As calabozos e as armas medievais en 2º de Primaria.
- A [vida nos castelos en 3º de Primaria](#) etc..
- Os castelos máis importantes de Galicia.

Nos cursos de Infantil ademais houbo [unha estreita colaboración por parte das familias](#), aportando documentación, materiais e bibliografía. Moitos destes materiais formaron parte e enriqueceron amplamente os traballos documentais das aulas.

Participaron tamén as familias elaborando impresionantes maquetas que formaron parte da exposición xunto co resto de maquetas aportadas polas familias de diferentes tipos de casas e construcións do mundo: faros hórreos, pontes....., como citamos anteriormente.

Todos os cursos [visitaron a exposición](#) coas titoras e as familias foron invitadas tamén en horarios compatibles coa xornada escolar.

A partir da nosa proposta inicial o proxecto foi adoptando diferentes caras en relación aos currículos e aos intereses de cada curso, dando lugar a novas tarefas e investigacións, así:

- En 6º de Primaria traballouse sobre as maquetas de diferentes edificios significativos a nivel mundial e desenvolvéronse as investigacións que posibilitaron a presentación destas maquetas ao resto do alumnado , recolléndoa nunha presentación dixital.
- En 5º de Primaria desenvolveuse unha busca de información sobre arquitectos e arquitectas recoñecidos e pezas arquitectónicas destacadas.

Elaborouse unha presentación dixital recollendo [os bits de intelixencia](#) da arquitectura. Os bits de intelixencia son uns recursos eficaces para fixar conceptos a través da información visual, ao tempo que axudan a adquirir valores culturais. A aprendizaxe é moi eficaz, incrementando o coñecemento de imaxes das temáticas máis variadas. Este é o segundo curso que as empregamos, inclúen algunha colección de fotos de pezas arquitectónicas , os nomes, localización , autoría e uso. Seleccionáronse unha colección de imaxes de pezas arquitectónicas do mundo e elaborouse unha ficha con información para cada unha. Pode utilizarse en todos os niveis ampliando ou non a información que se lles dá.

- O curso de sexto visitou o pobo de Allariz a súa singular arquitectura e as construcións de aproveitamento cotiá .

Nos blogs de ciclo pódense seguir estas investigacións, xa que serviron para ir presentando os materiais que se ían elaborando en relación ao proxecto e as distintas caras que ía tomando. A competencia lingüística desenvolveuse mediante a busca de información e redacción dos textos informativos que se compartiron co resto do

alumnado , pero tamén a través da literatura, recreando poemas e creando contos propios:

✚ [6º de Infantil recita “A bela durminte”](#)

✚ [“A princesa e o cabaleiro”](#), audiovisual sobre o conto de creación propia

✚ [As familias e os castelos](#)

✚ [As pontes na pintura](#)

✚ [Investigamos sobre os castelos](#)

- En colaboración co equipo de actividades Extraescolares e Complementarias programáronse visitas de todos os cursos a un castelo: [O Castelo de Soutomaior](#) e o [Castelo de Vilasobroso](#), como xeito de recoller máis información.
- [Ambientouse a escola](#) con motivos medievais para que se desenvolveron diferentes actividades plásticas (escudos, estandartes, etc..) e [no Entroido](#) todo o alumnado e profesorado se vestiu con roupa medieval.
- Organizouse un obradoiro de material de refugallo



Na área de Matemáticas desenvolvéronse actividades nas aulas en relación ao currículo de cada curso.

✚ Desenvolvéronse [medicións de espazos](#) da escola, empregando unidades non convencionais como as zancadas e as mans.

✚ Traballaron a estimación de medidas de espazos: a súa aula, a biblioteca, as estancias da súa casa, as pistas e patios do colexio. Cos datos recollidos aprenderon a calcular a área das distintas dependencias do colexio.

✚ Construíron [maquetas de pirámides](#) como aplicación da xeometría .

✚ Calculouse da altura da escola empregando regras matemáticas aprendidas(proporcionalidades) .

✚ Estudáronse os [planos das cidades](#) para buscar paralelas e perpendiculares, orientarse e comparar estes conceptos en planos da propia Moaña ou doutras cidades.

✚ Construíronse [maquetas de cidades](#) e pobos

✚ Compuxéronse mapas xigantes para situar as pontes investigadas, desenvolvendo os cálculos necesarios para distribuír o espazo e materiais necesarios

6. Recursos utilizados e fontes consultadas

As diferentes aulas foron empregando os recursos dos fondos documentais da biblioteca ,para o que se ampliou a colección creando na catalogación a categoría [“Arquitectura”](#) en “Materia”.

Recatalogamos tamén os fondos relativos a materias relacionadas co proxecto, neste caso [“castelos”](#) .

Así mesmo, puxemos a disposición do alumnado guías de busca na rede para educar esta habilidade e recomendacións sobre a busca de imaxes con licencia de uso para fins non comerciais.

7. Implicación da comunidade educativa

A comunidade educativa mantivo a implicación ao longo do proceso, participando activamente nas propostas. Participou o alumnado de todos os niveis, así como as súas titoras e as mestras de apoio a Ed. Infantil e Primaria. Os equipos de DLG , de TICS e de Actividades Extraescolares traballaron igualmente de xeito coordinado no proxecto con distintas actuacións como se describiu ao longo do documento.

As familias participaron na elaboración das maquetas , así como na aportación de materiais e recursos para as investigacións nas aulas cando se lle solicitou. Visitaron a exposición de documentos elaborados polo alumnado así como a exposición de maquetas ao final da primeira proposta. Prestaron tamén o seu apoio nas saídas que se propuxeron e nas actividades relacionadas co entroido.

O blog da biblioteca escolar foi moi visitado este curso, reunindo unhas 900 visitas mensuais.

8. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Cada proposta tiña como fase final a exposición de documentación elaborada e conclusións en murais colectivos que se situaron nas zonas comúns do centro para que tanto familias como alumnado puidese consultalos, visitalos e compartilos. Para tal fin a s diferentes exposicións foron visitadas polos grupos de nivel acompañados polas titoras, facendo un seguimento tanto das aportacións propias como dos outros grupos.

Outra canle de comunicación e publicación foron os blogs de nivel e de biblioteca que ían recollendo as actividades e tarefas que se ían desenvolvendo e tamén as propostas que se recibían.

infantilquintela.blogspot.com

bibliotecadocole.com

[1º e 2º en Quintela](#)

[3º e 4º en Quintela](#)

[5º e 6º en Quintela](#)

[arquitecturaenquintela](#)

9. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e competencias

Criterios de avaliación:

- Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.

- Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.
- Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.
- Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.
- Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.
- Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.
- Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual.

Para avaliar segundo estes criterios de avaliación aplicáronse as correspondentes rúbricas que recollían aspectos observables e valorables sobre a elaboración de documentos, traballo en grupo e presentación da información. Tales avaliacións formaron parte das avaliacións trimestrais de cada grupo de alumnado.

10. Función e participación da biblioteca escolar.

A biblioteca escolar promoveu, deseñou e organizou as propostas que foron desenvolvendo o proxecto, facilitou os recursos necesarios para a elaboración dos documentos e coordinou a posta en común das investigacións desenvolvidas por cada nivel. A través das reunións do equipo de biblioteca foise facendo o seguimento da evolución e fases do proxecto.

Ocupouse así mesmo de facer públicos os documentos elaborados a través do blog e de promover a participación das familias nas exposicións organizadas.

Elaborou ademais a [web site](#) onde se aloxan os materiais elaborados para o proxecto.

Moaña, 30 de xuño de 2015

M^a Belén Escariz Ferrín
Responsable biblioteca escolar
CEIP Quintela Moaña